



CIRCULAR INFORMATIVA 3/2025

FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO 2025: PROGRAMA COMPLETO

Presentámosvos a programación completa dos actos da festividade de San Raimundo 2025, que terán lugar o vindeiro 28 de marzo.

- 18.00 h Misa na Capela da Corticela da Catedral de Santiago de Compostela, que se aplicará en lembranza dos/as compañeiros/as finados/as.
- 19.00 h Actos solemnes no **Comedor Real dos Hostal dos Reis Católicos**:
- ❖ Entrega da Medalla de Ouro do ICA Santiago a D. Ramón Quintela Miramontes e a D. Javier Constenla Vega
 - ❖ Entrega do XV Premio de Dereitos Humanos a ACEM Santiago (Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple, Párkinson, ELA e outras)
 - ❖ Entrega de insignia de ouro e diplomas aos colexiados e colexiadas que cumpren 40 anos de exercicio profesional
 - ❖ Entrega de diplomas aos letrados e letradas que cumpren 25 anos de exercicio profesional
 - ❖ Xura ou promesa de novos letrados e letradas
- 20.30 h Viño de honra no claustro do Hostal dos Reis Católicos
- 22.00 h Cea-baile no **hotel Oca Puerta del Camino**

21.30 h: Aperitivo no Piano Bar

22.00 h: Cea

Menú:

Vieiras á galega con picada de xamón ibérico e lagostinos

Corvina asada, crema de pataca e migas de chourizo

Terrina de faceiras de vaca ao mencia, pataca panadeira e rustrido de pementos

Pan con chocolate, manga e xeados

Adegas:

Viño branco DO Ribeiro / Viño tinto DO Ribera del Duero

Barra (2 consumicións incluídas no prezo) e baile con DJ

Reserva de mesas

As tarxetas de invitación poderán retirarse na secretaría do colexio ata o día 24 de marzo, ás 20 h. Existe a posibilidade de reservar mesas completas, se así se solicita, no momento de retirar as invitacións (mesas con capacidade de 8 ou 10 persoas).

Prezos

Nos prezos xa figura aplicada a subvención do colexio:

- Colexiados/as de máis de 5 anos e acompañantes (1 por colexiado/a): **50 €**
- Colexiados/as de menos de 5 anos e alumnado da EPX-MUA: **45 €**